



Consello de Galiza

Carta persoal do Conselleiro:

RAMON SUAREZ PICALLO

Buenos Aires: 27 Novembro 1957.

Señor,
D. César Alvajar,
Rue D'Assas 78
PARIS XI. (Francia)

Querido Alvajar:

Fai uns días escribíñ unha carta destiñada a tí, contes-
tando varias túas. Aquela carta aínda non foi mandada, pois estaba en turno pra
ser pasada a máquina. Niste intre recibo a túa derradeira do 16 do corrente, na
que me das noticias de nova reunión proieitada ahí e que pode, efectivamente, ter
moi importancia e na que Galicia debe figurar de algún xeito.

Recoñecendo o estraordinario intrés da tua carta, reuniu-
se especialmente pra tratala o Consello de Galiza i-os seus asesores.

Non nos é posibel neste momento montar definitivamente a
nosa Delegación en París como sería o noso desexo. As razóns, como xa che dixen
n-outra, son de caraiter económico. Precisamente istos días sale a rua o libro do
Congreso da Emigración, cuio custo é de 80.000 pesos arxentinos, pois os traba-
llos de imprenta subiron o dobre desde fai un ano. Ademáis de outras urxencias
tamén económicas. Mais eso non quer decir que desbotemos o proieuto. Polo con-
trario, non nos daremos descanso até facelo realidade o antes posibel. Por iso, a
vista da tua carta, na que dís moi ben que a política non espera; e tendo en
conta que ti es e serás a única persoa que nos pode representar en París, acor-
damos pedir a túa aprobación pro seguinte:

1º-)-Que inicies o antes posibel os traballos como representante de Galicia en
París, a reserva de resolver despois a custión económica definitivamente.

2º-)-Remitímosche unha axuda económica, pra franqueos polo menos, coa promesa de
remesarche despois outras sumas.

3º-)-Se aceptas, mandarásnos inmediatamente o borrador dos textos- en francés,
en castelán ou como tí vexas-, das credenciales que te acrediten ahí ante ins-
titucións e persoalidades representativas. Ti dirás cantas e como. Niste caso
irán firmadas e selladas polo Consello de Galiza oficialmente.

4º-)-Pra entenderte con Partidos políticos, orgaizaciós e demáis, podemos darche,
si che parece, credencial da Irmandade Galega de Buenos Aires que ven a ser eiquí
o grupo especificamente político da coleitividade e que representa as Irmandades
de outras cibdás arxentinas e de outras capitales americáns, grupo no cal parti-
cipan xentes de diversas tendencias ideolóxicas do galeguismo mesmo. En todos os
casos tí mandas o borrador xa que estás máis ou tanto das "formas" e do fondo das



Consello de Galiza

Pra D. César Alvajar - París

Follas No. 2.

cousas.

Pra millor orientarte políticamente, rógoche que releas as miñas primeiras cartas, cos seguintes engadidos:

Non nos parece ben que no derradeiro Manifesto publicado ahí se prescindise de falar do problema das autonomías, pois coidamos que por moito que se practique con el a política do avestrúz, foi, é, e seguirá sendo o problema dos problemas despois da caída do réxime.

Coñecemos, por térnosl-as mandado tí, as reservas que fixeron na acta os vascos e os cataláns, recabando o respecto aos seus "status", e decir aos seus Estatutos xa promulgados. O Estatuto de Galicia, en cambio, estaba no derradeiro trámite constitucional: a aprobación do Parlamento. ? Reconoceríasele a Galicia este mesmo status ?.

Todo elo, naturalmente, si se volve a caer no tremendo erro de non orientarse, xa desde agora, hacia unha España Federal. E deír refacer a organización política peninsular de abaixo pra riba. Pensa nesto e danos a tua opinión. Namentras, trata de pulsar a opinión de vascos e cataláns e sobre todo de que Galicia figure en todo documento que se opoña ao réxime franquista, salvando eso sí, a nosa posición de autodeterminación política.

Todol-os fins de ano, o Consello de Galiza celebra unha cea entre os que, ao longo do ano que remata, traballaron a prol de Galicia. Nela adóitase facer unha declaración política. A de este ano pode referirse ao tema, á vista do que ocorra agora en París, de acordo, se entende, as informacións, indicacións e orientacións que tí nos mandes. A propósito, quero que te convenzas definitivamente que si Galicia, - como esperamos- ten representación en París, tí, César Alvajar, eres o noso representante. ! E se non nón !. Reunes todas e moitas máis condicións das requeridas pra merecer a nosa máis absoluta confianza ea nosa fraterna estimación. Esto non é solo a opinión miña. E a de todol-os amigos que andamos no asunto, empezando por Alonso Rios, a vista da tua constancia, do teu fervor, e, ademáis, da tua admirabel "puntería política".

E nada máis por oxe. Quero que esta carta salla inmediatamente i-agardamos de todo corazón que che pareza ben o que che propoñemos, como solución estrictamente provisional.

Saudos de todos e da miña parte unha forte aperta,

P/D.-

Adxunto cheque No. J. 16763
por 500 francos SUIZOS ex-

tendido por D. Manuel Puente (presidente da Comisión de Facenda do Consello de Galiza a cargo do Banque Fédérale S. A. La Chaux-de-Fonds, de Zurich. Pra teu goberno advértoche que o dito Banque foi derradeiramente absorvido pola Union Banques Suizos que atende agora os cheques daquíl. Non dúvido de que che será fácil negociar ise cheque en calisquera casa de cambio ou Banco de ahí.

Ramón Suárez Picallo
- Ramón Suárez Picallo -